


# PLAN DE ACOLLIDA



**EEI PLURILINGÜE MONTE DO ALBA**  
**CURSO 2021-2022**

# INDICE

- ❖ **Contextualización**
- ❖ **Normas de organización e funcionamento do centro**
- ❖ **Actuacións de prevención, hixiene e protección**
- ❖ **Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumando necesaria para o desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou de ser o caso, non presencial**
- ❖ **Atención aos aspectos emocionais e sociais mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.**

# CONTEXTUALIZACIÓN

Segundo as Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo consejo interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G N° 174 BIS DO 28-08-2020) e a Resolución conxunta, do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”. O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ás Instrucións citadas o Programa de Acolida Covid 19 da EEI Plurilingüe Monte do Alba publicado na páxina web:

[www.edu.xunta.gal/centros/eeimontealba](http://www.edu.xunta.gal/centros/eeimontealba) para o reinicio da actividade académica presencial o vindeiro 9 de setembro.

## NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

O inicio de curso publicarase un folleto informativo ás familias cun resumo dos aspectos máis significativos con respecto a estas normas de organización e funcionamento.

ENTRADA	SAÍDAS
<p><b>ALUMNADO NON TRANSPORTADO</b></p> <p><b>Primer turno</b></p> <p>Apertura das portas da escola ás 9:00, entrada do alumnado que ven acompañado polos seus pais/nais/titores. Unirase á fila co alumno da aula de matinal ( se houbera) e esperan ata a chegada do primeiro autobús xunto coa súa titora . despois accederán ao centro .Peche da porta 09:15 h.</p>	<p><b>ALUMNADO COMEDOR</b></p> <p><b>Saída do centro escolar, acompañados polas coidadoras e o persoal docente ás 13:50h. traslado ó CEPP Igrexa Valadares.</b></p> <p>O servizo de comida remata ás 14:40h.</p> <p>O alumnado de comedor non usuario de transporte será recollida polas súas familias ás 14:40h.</p> <p>O alumnado de comedor usuario de transporte</p>

	agardará na aula ata ás 15:00h que saian os autobuses.
<b>ALUMNADO TRANSPORTADO</b>	<b>ALUMNADO NON COMEDOR</b>
<p><b>Segundo turno</b></p> <p>O alumnado de autobús accede ao centro pola porta principal dende ás 09:05h ata ás 09:15h. o recolle a directora e as especialistas os acompañan e trasladarannos as aulas .</p>	<p>Ás 14:00h, os alumnos serán acompañados polas súas titoras ata o porche onde agardarán polas súas familias formando cada aula unha fila.</p>

En todo momento seguirase o protocolo de hixiene e distanciamento mínimo entre aulas, só poderá acceder un membro da familia a entregar e recoller o alumno con máscara ao recinto escolar.

Os días de choiva seguirase coa mesma rutina.

#### **Instrucións xerais:**

- As **familias non accederán** ao recinto escolar máis aló do zona reservada para elas . No caso de alumno de 4º E.I. ou alumnado con NEAE se as titoras o consideran oportuno, por motivos afectivo-emocionais, poderán acceder ata o patio cuberto no mais aló dos bancos e sen acceder ás aulas. O membro da familia levará máscara.
- Durante o **período de adaptación**, ou se fora necesario, o alumnado de nova incorporación poderá estar acompañado por un adulto ata ser recollido pola súa titora ou pola especialista para dirixirse a súa aula..
- Na **recollida** dos alumnos ás familias accederán ata o patio cuberto onde estarán agardando na fila os alumnos de 4º, 5º e 6º de E.I. Non está permitido a permanencia non centro escolar facendo uso dos xogos ou das instalación. Informarase ás familias da necesidade da responsabilidade persoal de non facer agrupamentos nos accesos ao centro escolar.

- Todo o **equipo docente** , segundo a disposición no seu horario, será equipo de garda para regular ás entradas, saídas e mobilidade do alumnado polos corredores.

- **Agrupacións:** Grupos de Convivencia Estable cuxos membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estricita. Estes grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo,

Cada un destes grupos será considerado un **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA**.

O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre si pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables. Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre si ,obriga a organizar entradas, saídas e recreos, entre outros aspectos.

Grupo estable	Titora	Especialistas
4 anos “ Os Koalas”	Noemí Ayuso del Amo	Laura Amo Figueroa ( psicomotricidade) Verónica Rial Vila ( Especialista LI) Ana Abelleiras Villanueva ( Especialista AL) Susana Espinar Moure( Orientadora) Seamus Harley ( Auxiliar de Conversa) Mercedes Diz Vega (Mestra de Relixión) Mº Begoña Porto Porto (coidadora)
5 anos” Os Canguros”	Elena Pardo Corominas	Laura Amo Figueroa ( psicomotricidade) Verónica RialVila ( Especialista LI) Ana Abelleiras Villanueva ( Especialista AL) Susana Espinar Moure( Orientadora) Seamus Harley ( Auxiliar de Conversa) Mercedes Diz Vega (Mestra de Relixión)

		Mº Begoña porto Porto (coidadora)
3 anos "Os Elefantes"	Alba Cazorla González	Laura Amo Figueroa (psicomotricidade) Verónica Rial Vila (Especialista LI) Ana Abelleiras Villanueva (Especialista AL) Susana Espinar Moure (Orientadora) Seamus Harley( Auxiliar de Conversa) Mercedes Diz Vega (Mestra de Relixión) Mº Begoña Porto Porto (coidadora)

Para cubrir as **ausencias do profesorado** nos grupos estables de convivencia NON SE RECURRIRÁ A UNIR GRUPOS, sempre se cubrirán con profesorado que imparta docencia no grupo estable, se o número de profesora o permite.

- **Titorías coas familias:** As **titorías** levaranse a cabo os martes de 17:00 a 18:00h e con cita previa.

Serán preferentemente telemáticas ou telefónicas e, no caso de ser presenciais, terán lugar na aula da titoría do alumno, coa autorización da dirección e coas seguintes medidas:

- Emprego de máscara.
- Hixiene de mans ao acceder á aula.
- Colocación de mesas como separación para garantir a distancia.
- No caso de ser preciso a revisión dunha proba escrita, solicitarse previamente para ter unha copia e evitar a manipulación conxunta de documentos.

### **As comunicacións coas familias:**

- Correo ordinario e mensaxería Abalar: para comunicacións de carácter oficial ou administrativo que a escola transmite ás familias.

- Correo electrónico de aulas: integrado pola titora e polas familias da súa aula, neste grupo tramitirase comunicación propias da aula (recordatorio de traballos, calificacións, notas da titora...) non está permitido o envío de documentación sensible ( datos familiares, documentos académicos, autorización escolares, fotos , videos escolares....)

## **Xuntanzas por parte do centro educativo coa ANPA**

Tanto para reunións trimestrais e extraordinarias, como para a convocatoria de Claustros, CCP, Comisións e Consellos Escolares...: usarase o correo electrónico do centro, ABALAR MÓBIL e vídeo conferencias Webex. No seu defecto a vía telefónica do centro tamén pode ser canle de solicitude de xuntanzas.

**Uso de máscara** no centro: as aulas estables a nivel de centro actuarán como grupo estable de convivencia. no que o alumnado poderá sacar a máscara. Nos diferentes espazos do centro o uso da máscara será obrigatorio (corredores, biblioteca, patios, aseos, transporte,...) As mestras titoras poderán facer excepcións segundo as necesidades do seu alumnado se así o precisan para favorecer a adaptación e familiarización co uso da máscara (a lei contempla que non é de carácter obrigatorio no alumnado menor de 6 anos).Será obligatoria para todo o profesorado e persoal non docente.

**Normas** para a realización de **eventos**: este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que xuntaban a unha gran cantidade de xente. Deste xeito, e salvo mellora enorme da situación epidemiolóxica non se celebrará o Festival de Nadal ou actos masivos como o Samaín ou Magosto coas familias. Quedarán as normas acordadas no primeiro Claustro de setembro e aprobadas polo Consello Escolar, as propostas serán:

**Saídas escolares:** non se realizará ningunha actividade que precise transporte en autobús escolar, a lo menos no primeiro trimestre. Darase prioridade ás saídas en diferentes grupos estables de convivencia pola contorna. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e

ao aire libre, sendo un bo curso para explotar os numerosos recursos que ofrece a contorna próxima: Valadares.

**Festas de cumpreanos:** levaranse a cabo o último venres de mes, cada aula disporá o mobiliario da súa clase para celebralo nela, decorarase o patio con aspecto festivo. Teranse en conta as medidas sanitarias e as alerxias alimenticias para as merendas, con hixiene e distanciamento por non ter máscaras. As titoras usarán luvas durante as merendas.

**Visitas** ao centro escolar: non está previsto permitir visitas en relación cos proxectos de colaboración desenvolvidos nestes anos anteriores, a lo menos no primeiro trimestre.

**Festas e celebracións** da escola: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Conmemoracións... cada aula terá un espazo destinado para levar a cabo a actividade e preferiblemente ao aire libre.

**Actividades da ANPA:** non se levarán a cabo, a lo menos durante o primeiro trimestre, actividades que impliquen o agrupamento de alumnos de diferentes idades e co centro escolar adscrito.

**Aforos:** A limitación de aforo para os aseos será a dous usuarios.

No caso da biblioteca o aforo será de 6 alumnos/as máximo.

Sala de mestras: o ser un aula máis grande podemos estar ás 6 mestras.

**Merenda e Recreos:** manterase o horario de 11:00 a 11:40h pero dividirase o patio en diferentes espazos para cada unha das clases (ver plan). Durante a merenda o alumnado será o encargado de recoller os seus restos e deberá traer unha botella de auga.



**Compromiso realización autoenquisa clínica:** diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizaranno as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio) na entrada do centro escolar tomarase a temperatura cun termómetro dixital.

**Comedor:** respectarase a distancia de 1m entre alumno contiguo e 1.5 m entre alumno encarado,Levaranse a cabo as medidas hixiénico –sanitarias, establecidas no Plan de Adaptación da escola. A comida será servida polas persoas coidadoras reducindo a mobilidade do alumnado.

## ACTUACIÒNS DE PREVENCIÒN, HIXIENE E PROTECCIÒN

Corresponde a **empresa de limpeza** actual do centro, NORTES, xestionar, planificar, organizar e desenvolver todo o que a medidas de hixiene se refire.

**Creación Equipo Covid** que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as funcións recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2021-2022 EEI Plurilingüe Monte Alba.

Determinación do **espazo de illamento** COVID: despacho de orientación, planta primeira. Os elementos de protección, así como as indicacións para proceder en caso de illamento aparecen recollidos no Plan de Adaptación no punto 28.

**Medidas xerais** de protección individual recollidas no Plan de Adaptación.

**Rexistro** , inventariado e protocolo de compra e difusión do material de protección recollidas no Plan de Adaptación.

**Xestión de abrochos**: recollida no Plan de Adaptación.

Nos corredores estableceranse **sentidos de entrada e saída** diferentes en ambas marxes do corredor, segundo a cartelería recollida no Plan de Adaptación covid 19 do EEi Plurilingüe Monte do Alba.

**Espazos de uso compartido** por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica do espazo e material de traballo persoal.

No momento de **entrada do patio**, haberá profesorado de reforzón xunto coas titoras, na entrada do aseo, encargado de proporcionar o xabón e axudar a abrir as billas e supervisar o correcto lavado de mans así como proporcionar o papel de secado e controlando o fluxo de alumnado.

Incluirase no **horario de aula** diario os momentos de lavado e desinfección de mans e “postos de traballo” ao final das actividades, do día e tras a merenda, etc para crear hábitos e rutinas de hixiene.

No caso do **alumnado con NEAE**, usarán o mesmo aseo que o seu grupo de aula.

Realizar a **psicomotricidade** e outras actividades de aula, sempre que a climatoloxía o permita, ao aire libre.

**Horarios**: as titoras e as especialistas chegarán ó centro escolar ás 8:50 para abrir as fiestras e ventilar antes do inicio da xornada. Igualmente quedarán abertas durante a xornada se o tempo o permite e durante o recreo ou sempre que se realicen actividades fóra da aula.

Cada aula contará cunha folla rexistro na que ir anotando as **ventilacións** realizadas ao longo da xornada que irá asinada polo profesorado responsable do grupo en cada momento

.Cada aula correspondente a cada un dos grupos, a sala de mestras, aula de AL, biblioteca, sala de psicomotricidade, aseos, aula de cociña, e dirección contará con:

Papeleira de bolsa con tapa accionada por pedal para os panos desbotables do secado de mans ou para o cumprimento de “etiqueta respiratoria”.

No contenedor destinado á fracción resto serán depositadas máscaras, luvas de látex, etc.

A principio de curso entregarase a cada titor/a ou ao profesorado responsable de cada aula un dispensador con xel hidroalcohólico, panos desbotables e un pulverizador con desinfectante de superficies.

Distribuirase tamén en cada aula un colector de lixo con tapa accionado por pedal.

Semanalmente a coordinadora do equipo COVID revisará a dispoñibilidade deste material en cada espazo e repoñerá o material necesario.

O persoal de limpeza encargase unha vez finalizada a xornada escolar de limpar os espazos do centro e diariamente deberá centrarse:

- Nas mesas do alumnado e do profesorado en tódalas aulas dos grupos incluíndo AL, biblioteca, cociña, psicomotricidade e dirección.

**No caso de detectarse un posible caso de COVID**, xa que é a zona de illamento. Haberá que ter presente que a bolsa de lixo cos residuos, deberá ser pechada e depositada dentro doutra bolsa con peche para ser depositada na fracción resto.

Dirección (teléfono, mesa co ordenador e mesa de traballo)

Sala de profesores/as (mesas dos ordenadores e mesa grupal)

Pasamáns e pomos das portas

Aseos, billas e lavabos ,a lo menos 2 veces ó día.

En todo caso prestarase especial atención ás papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos.

## **Prevención**

Compromiso da realización autoenquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizaranno as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio).

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

O uso de máscara é obrigatorio para todos os alumnos ata a entrada na súa aula, inclúe traslados en transporte e comedor.

Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias limparase as máns con hidroxel e manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible.

Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Recordar o emprego axeitado das máscaras: cómo poñelas e quitalas, onde se gardan...
- Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.
- Información do uso correcto da máscara e de como poñela e sacala adecuadamente.
- Realizar actividades para identificar a distancia de seguridade axeitada (canto é 1 metro e medio)
- Recordar a necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.

## ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIITAL DO ALUMNADO PARA O DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO

O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.

Todo o profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar as novas tecnoloxías, como quedou amosado ao longo do curso 2020/2021.

En calquera caso, o **coordinador** do equipo TICs con axuda do seu equipo será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica), O resto de funcións (comunicación coa UAC, coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) forman parte da coordinadora do equipo TICs xunto coa dirección do centro.

Ao inicio de curso e seguindo recomendacións da Consellería dedicaranse varias sesións co alumnado para a familiarización da aula virtual, información que tamén se transmitirá as familias nunha reunión telemática.

Adicarase un tempo a explicar a privacidade dos contrasinais e o uso seguro das mesmas. No caso do noso alumnado de infantil solicitarase a colaboración das familias que recibirán o usuario e contrasinal vía Abalar, así como un pequeno manual sobre o funcionamento da nosa Aula Virtual.

Propónse tamén a todo o profesorado (proposta a incluír no Plan TIC anual do centro) o emprego da Aula Virtual no ensino presencial por lo menos unha vez quincenalmente con tarefas diversas para unha correcta preparación ante un posible ensino a distancia.

Para rematar este protocolo ao inicio de setembro deberase proceder a actualización da base de datos que non se realizou o curso pasado sobre os medios tecnolóxicos existentes no fogar para detectar problemas e poder darlle solución ante un posible ensino a distancia. No caso de que a carencia sexa de equipamento, ou se o problema fose de conectividade procederíase a solicitar a colaboración da Consellería e do Concello.

## **ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.**

Será o departamento de orientación o encargado de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso dirixidas polos titores ou titoras de cada un dos grupos estables de convivencia.

Algúns aspectos a considerar:

- Potenciarase unha educación eficaz e competencial en base a adquisición de hábitos saudables, e dinámicas de traballo cooperativo, que prepare ao alumnado para a participación activa na vida real no momento presente e futuro, dende unha perspectiva persoal, social, científica, humanística, histórica, artística, académica e profesional.
- Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19 antes da Comunidade

Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación Infantil, da Educación Primaria, da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato, a metodoloxía de aula e a metodoloxía de traballo potenciarán **tarefas globalizadas** que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras. Por este motivo o alumnado en ocasións traballará por grupos dentro do grupo estable para motivar ao alumnado cara ás aprendizaxes activas por medio de metodoloxías innovadoras propias do noso PE como a aprendizaxe cooperativa e manipulativa.

Os docentes empregarán a **máscara** de xeito continuado e o alumnado fóra da aula tamén. Dentro da aula será opción das familias, as titoras velarán porque haxa momentos para retirar a máscara sen peligro.

A aprendizaxe das **medidas hixiénico-sanitarias** serán eixo vertebrador do proceso de ensinanza-aprendizaxe da nosa comunidade educativa pola transcendencia social que ten no momento histórico actual.

Durante a asemblea inicial dentro da aula e diariamente lembrarase as normas, empregando a cartelería de aula, e os aspectos mencionados anteriormente.

Este é un Plan que precisará ser **adaptado** ou modificado en función da evolución da Covid-19 onde toda comunidade educativa e os servizos institucionais (Concello e Consellería) farán as súas achegas asumindo as funcións que lle corresponden, xa que O Equipo Directivo deste centro e o seu Equipo Docente non ten formación, nin competencia para asumir a organización e planificación dun Plan de adaptación de índole sanitario.

Aprobado en Claustro 02/09/2021

Aprobado en Consello Escolar 08/10/2021

Enviado a Inspección Educativa

Valadares, 09 de setembro 2021

Directora: Laura Amo Figueroa